

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 21 de abril de 2015 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes desta consellería, para o curso académico 2014/15.*

O Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como o transporte e os comedores escolares.

Actualmente, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG nº 154, do 13 de agosto), regula o funcionamento dos comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

O artigo 2.1.e) da citada norma prevé que a Administración educativa poderá colaborar coas asociacións de nais e pais do alumnado e as súas federacións cando estas asuman a xestión e organización do comedor escolar.

No marco normativo referido, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece nesta orde un programa de axudas económicas coa finalidade de cofinanciar os servizos de comedores escolares que xestionan as asociacións de nais e pais do alumnado nos centros públicos non universitarios dependentes dela.

Polo exposto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases e convocar as axudas económicas destinadas ás asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais de alumnado



legalmente constituídas que xestionan os comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.

2. O outorgamento das axudas a que se refire esta orde realizarase en réxime de concorrencia competitiva baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

3. As axudas económicas irán destinadas a sufragar os seguintes conceptos:

a) O custo diario do menú por comensal e polos días de asistencia destes ao comedor entendido como o servizo de comida a mediodía, así como, se é o caso, a vixilancia e coidado do alumnado durante o uso do servizo do comedor e o desenvolvemento dos programas complementarios de promoción da saúde e das habilidades persoais, durante o curso académico 2014/15.

b) Os gastos orixinados pola contratación de persoal que desenvolva o labor de atención ao alumnado con necesidades específicas, para o caso de que a contratación deste persoal se realice separadamente.

c) Os gastos ocasionados pola contratación por parte das asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais do alumnado de pólizas de seguros vinculadas directamente á prestación do servizo de comedor escolar.

#### Artigo 2. *Crédito orzamentario destinado*

1. Para a concesión das axudas regulamentadas nesta orde destinaranse 552.998,00 euros que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 09.10.423A.481.0 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

2. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, ben que o importe da axuda concedida en ningún caso poderá, en concorrencia coas outras subvencións ou axudas, superar o custo da actividade que desenvolva a beneficiaria.

#### Artigo 3. *Actividade cofinanciable*

Son actividades cofinanciáveis as vinculadas á organización e xestión dos comedores escolares existentes nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería



de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que realicen as entidades que poden ter a condición de beneficiarias, e que se enumeran no artigo 4.

As axudas poderán sufragar ata un máximo do 50 % do custo do servizo de comedor do centro escolar correspondente. Para iso terase en conta o orzamento que a solicitante debe achegar no momento de presentar a súa solicitude, que deberá axustarse ao modelo incorporado como anexo II.

Os solicitantes que sexan perceptores doutras axudas para o mesmo fin concedidas por outras entidades públicas ou privadas deberán acreditar documentalmente a súa natureza e contía, e percibirán, se é o caso, a axuda cos límites expresados no artigo 2.2.

#### Artigo 4. *Beneficiarias das axudas*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións, federacións e confederacións de nais e pais de alumnado que xestionen, directa ou indirectamente, o servizo do comedor nas instalacións dos centros escolares correspondentes.

Para tal efecto, entenderase que xestiona indirectamente o comedor escolar a entidade que teña ao seu cargo a organización deste, por algunha das formas que a seguir se enumeran:

a) Mediante a contratación directa da prestación do servizo de forma integral, que comprenda tanto a xestión do comedor como as restantes actividades asociadas a este, ou ben a contratación separada de ambas as actividades.

b) Mediante a encomenda integral do servizo a entidades ou empresas especializadas segundo as condicións establecidas de común acordo entre as empresas e as asociacións respectivas.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarias das axudas aquelas asociacións, federacións e confederacións de nais e pais de alumnado que, por careceren de instalacións axeitadas nos centros escolares, xestionen o servizo de comedor escolar nos locais hostaleiros próximos aos centros escolares, sempre e cando cumpran cos seguintes requisitos:

a) Que existan as condicións adecuadas de seguridade viaria no desprazamento do alumnado cara ao establecemento hostaleiro.

b) Que o local hostaleiro onde se preste o servizo de comedor escolar sexa o mesmo durante todo o curso académico 2014/15.



c) Que o prezo diario dos menús contratados co citado local hostaleiro non supere os 6 euros por comensal, incluído o IVE.

3. Poderán acollerse a esta orde todas as actuacións descritas no parágrafo anterior, sempre que se desenvolvan durante o curso académico 2014/15.

#### Artigo 5. *Subcontratación das actividades subvencionadas*

1. En atención á natureza da actividade obxecto de subvención, as empresas contratadas polas beneficiarias poden subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades relativas ao servizo do comedor escolar.

2. Cando a actividade concertada con terceiros exceda o 20 % do importe da subvención e o antedito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o contrato se subscribise por escrito.

b) Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento dos requisitos exixidos no punto anterior.

3. Ademais do disposto anteriormente, as beneficiarias deberán cumprir as previsións e obrigas que, referidas á subcontratación, se sinalan no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 6. *Solicitudes*

1. As solicitudes estarán subscritas polo representante legal da entidade solicitante segundo o modelo que figura como anexo I desta orde que incluírá as seguintes declaracións:

1º. A certificación do acordo do órgano competente da entidade solicitante polo que se decide solicitar a axuda.

2º. Unha declaración do conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

No caso de ter concedida algunha destas axudas, deberán acreditala mediante orixinal ou copia cotexada da resolución ou da comunicación da súa concesión ou certificado do órgano concedente.



3º. Unha declaración responsable de que non concorren no solicitante da axuda ningunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A este anexo deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) O modelo que figura como anexo II, relativo ao orzamento do custo do servizo de comedor.

b) O anexo III correspondente a unha memoria explicativa en que se indique expresamente o ano/curso de inicio do servizo e se detalle o carácter continuado e non ocasional do servizo, o número de usuarios e a súa repartición por nivel educativo (coa desagregación establecida no citado anexo), a modalidade de prestación do servizo, e o programa de promoción da saúde e habilidades persoais previsto.

c) Copia do NIF da ANPA, federación ou confederación, no caso de que o/a solicitante non autorice a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a consulta dos seus datos na Axencia Estatal Tributaria.

d) Copia cotexada da documentación acreditativa da relación contractual asinada pola entidade solicitante desta axuda e polas entidades ou persoas físicas que lle presten os servizos que son obxecto desta axuda.

e) A relación de asociacións de nais e pais de alumnado que formen parte da federación ou das confederacións, se é o caso, e que realicen a actividade de comedor escolar, indicando para cada centro escolar a información requirida no anexo III citado na letra b) deste artigo 6.1.

2. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o



desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

#### Artigo 7. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das asociacións, federacións ou confederacións interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorren máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

CVE-DOG: szm970t8-grm1-19p2-lqn2-9expce04qyd0



3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento; deberá presentar, entón, a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondente rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### Artigo 8. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes e da documentación*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na trami-



tación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se publique esta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

#### Artigo 9. *Instrución do procedemento*

A unidade administrativa instrutora do procedemento é o Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios dependente da Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales se deba pronunciar a resolución, conforme o establecido nesta orde, a normativa xeral e específica en materia de axudas e subvencións, e de acordo coas normas do procedemento administrativo común.

A unidade instrutora examinará a documentación presentada polas solicitantes e, segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 70 desta lei e os exixidos na propia orde de convocatoria, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei 30/1992.

O instrutor realizará finalmente un informe en que determine, con base na documentación que conste no seu poder, os solicitantes que cumpren os requisitos para acceder ás axudas.





**Artigo 10. Valoración das solicitudes**

1. Constituirase unha comisión de valoración que, tendo en conta o informe emitido polo Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios, valorará os expedientes resultantes e elevaralle unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión das axudas.

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

– O/A subdirector/a xeral de Recursos Educativos Complementarios, que actuará como presidente/a, ou persoa en quen delegue.

– O/A xefe/a do Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios.

– Un/unha xefe/a dos servizos provinciais de Recursos Educativos Complementarios.

– Un/unha funcionario/a do Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios, que actuará como secretario/a.

No caso de que fose necesario prover a suplencia dalgún dos seus membros, o secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria proverá conforme o seguinte:

a) A presidencia será suplida polo/a xefe/a do Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios.

b) Nos restantes casos o nomeamento deberá respectar o rango xerárquico dos postos arriba relacionados.

2. Para valorar as solicitudes teranse en consideración os seguintes criterios:

a) Polo carácter continuado na organización e xestión do servizo do comedor escolar, outorgarase un máximo de 5 puntos repartidos do seguinte xeito: 1 punto por cada curso escolar xestionando o citado servizo, cun máximo de 5 cursos escolares consecutivos, excluído o curso obxecto desta orde.

b) Polo número de comensais outorgaranse ata 10 puntos. Os comensais clasifícanse nas seguintes categorías:

a. Usuarios fixos. Son usuarios todos os días da semana lectiva.



b. Usuarios descontinuos. Usuarios que usan o servizo de comedor cunha frecuencia inferior á semana completa:

i. 4 días á semana.

ii. 3 días á semana.

iii. 2 días á semana.

iv. 1 día á semana.

c. Usuarios eventuais. Son os alumnos que fan uso do servizo de comedor esporadicamente e sen unha frecuencia determinada con antelación.

No anexo II desta orde cubrirase a previsión mensual de cada tipo de usuario. A suma total de cada unha das categorías valorarase da seguinte forma:

a. Os usuarios fixos valoraranse ao 100 %.

b. Os usuarios descontinuos 4 días á semana valoraranse ao 80 %.

c. Os usuarios descontinuos 3 días á semana valoraranse ao 60 %.

d. Os usuarios descontinuos 2 días á semana valoraranse ao 40 %.

e. Os usuarios descontinuos 1 día á semana valoraranse ao 20 %.

f. Os usuarios eventuais valoraranse ao 1 %.

A suma de todas estas operacións dividirase entre o número de meses que o comedor permaneza aberto.

O resultado final, do cal se desprezarán os decimais, recibirá a seguinte puntuación:

Comensais	Puntuación
Ata 75	10
De 76 a 150	8
De 151 a 190	6
De 191 a 275	4
Máis de 275	2



c) Programa de promoción da saúde e habilidades persoais: para valorar os programas de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e desenvolvemento das habilidades persoais do alumnado do comedor, os solicitantes deberán presentar o anexo III desta orde, o cal inclúe os seguintes aspectos de obrigado cumprimento:

- A entidade organizadora do programa.
- Unha descrición das actividades que se desenvolven nel.
- A programación diaria, semanal ou mensual das actividades.
- Unha descrición do persoal encargado do seu desenvolvemento, con referencia expresa ao número e á súa cualificación.

Os programas recollidos nesta epígrafe valoraranse cun máximo de 5 puntos repartidos do seguinte xeito:

– Ata 4 puntos, polo desenvolvemento do programa con carácter continuo e permanente ao longo do curso escolar 2014/15.

– Ata 1 punto, cando na realización das actividades ou das accións que formen parte dos programas de promoción da saúde e habilidades persoais se utilice a lingua galega, en cumprimento do disposto na letra l) do número 2 do artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Para a aplicación dos criterios anteriores ás solicitudes presentadas polas federacións ou confederacións de nais/pais de alumnos/as, farase unha valoración global destas atendendo ás circunstancias que presenten os comedores escolares dos centros docentes incluídos en cada unha delas.

Nestes supostos, a aplicación dos criterios de valoración sinalados no artigo 10 estará suxeita ás seguintes especificacións:

Nos puntos 10.2.a) e 10.2.b), a puntuación final será o resultado de calcular a puntuación media entre as obtidas polos centros correspondentes.

No punto 10.2.c), cando existan diferentes programas nos centros correspondentes a unha mesma federación ou confederación, a puntuación final será o resultado de calcular a puntuación media entre as obtidas polos centros correspondentes.



Para poder valorar estes puntos, as federacións ou confederacións presentarán unha descrición pormenorizada para cada ANPA que a integre, conforme os anexos desta orde.

4. Unha vez determinada a puntuación obtida por cada solicitante en aplicación dos criterios anteriores, o importe das axudas atribuirase mediante a súa asignación proporcional, de maneira que as solicitudes que acaden a máxima puntuación individual posible (20 puntos) obteñan o dereito ao 50 % do orzamento presentado conforme o establecido no artigo 3 desta orde, respectando, en todo caso, o límite sinalado no artigo 2 desta orde.

5. A axuda máxima establecida no parágrafo 2º do artigo 3 desta orde, isto é, o 50 % do custo do servizo, ponderarase polo coeficiente resultante da relación entre o número de puntos obtidos na valoración con respecto ao total de puntos posibles (20 puntos).

O exceso/defecto sobre o total do orzamento dispoñible establecido no artigo 2 desta orde redistribuirase proporcionalmente, minorando/incrementando o importe da subvención. O resultado determinará as contías definitivas que se lles concederán ás beneficiarias.

6. No caso de que antes do inicio do prazo establecido para a xustificación se produzan renuncias ás axudas concedidas, os créditos liberados poderán distribuírse de novo entre todos os solicitantes sen necesidade dunha nova convocatoria pública, tendo en conta as valoracións xa efectuadas pola comisión e dando lugar ao outorgamento dunhas axudas complementarias, que serán proporcionais ás puntuacións obtidas consonte os criterios sinalados neste artigo.

#### Artigo 11. *Resolución e formalización das axudas*

1. De conformidade co disposto na disposición adicional da Orde do 25 de xaneiro de 2012 de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, délagase no secretario xeral técnico da consellería a competencia para resolver a concesión destas axudas.

2. Completado o expediente, a comisión de valoración elevaralle ao secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a súa proposta de concesión das axudas para que resolva o procedemento. As resolucións serán notificadas



no prazo máximo de tres meses, que se contarán a partir do día en que se publique esta convocatoria.

3. Transcorrido o prazo de tres meses sen que sexa notificada unha resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude da axuda e os interesados poderán presentar un recurso de reposición no prazo de tres meses, ou acudir directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

4. As resolucións ditadas seranlles notificadas aos interesados de acordo co disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Toda alteración das circunstancias que se tiveron en conta para conceder a axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

6. As resolucións ditadas porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas postestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes, ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 12. *Publicidade das axudas concedidas*

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación das axudas concedidas ao abeiro desta orde, con expresión da súa convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, as beneficiarias e as cantidades outorgadas.

Así mesmo, divulgará a concesión das axudas na súa páxina web oficial (<http://www.edu.xunta.es/portal/>) nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

2. Pola súa banda, as beneficiarias das axudas deberán darlle unha axeitada publicidade e difusión ao cofinanciamento público do servizo de comedor escolar de que se trate.



**Artigo 13. *Pagamento e xustificación das axudas***

1. O pagamento das axudas realizarase logo de que a beneficiaria xustifique que realizou as actividades que se van cofinanciar.

2. A xustificación da axuda concedida presentarase entre os días 15 de setembro e 30 de setembro, ambos os dous incluídos. Esta xustificación dirixirase ao Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios da Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios dependente da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sita no Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela (A Coruña).

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá a beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan (artigo 45 do Decreto 11/2009).

3. A xustificación axustarase ás previsións do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve. Por este motivo, as beneficiarias deberán cubrir o anexo IV desta orde, o cal inclúe:

a) Puntos I.a) e I.b). Unha declaración do número de usuarios reais e a súa repartición por nivel educativo (coa desagregación establecida no citado anexo).

b) Punto II. A conta xustificativa dos gastos e ingresos.

1º. A conta xustificativa incluírá a declaración das actividades obxecto de cofinanciamento e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos ocasionados e dos ingresos que soportan estes gastos.

2º. Punto II.1. Os gastos relacionados nesta conta xustificativa acreditaranse mediante os orixinais ou as copias compulsadas das facturas ou doutros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na conta xustificativa.



Ademais, entregaranse os orixinais ou as copias compulsadas dos xustificantes dos pagamentos efectivos destas facturas, que aseguren, en todo caso, a realización das actividades subvencionadas. En particular:

– Se os gastos derivan dunha relación laboral deberán xuntarse a nómina e o xustificante do seu pagamento así como acreditar o pagamento, das retencións efectuadas en cumprimento da normativa aplicable do IRPF e do aboamento das cotizacións da Seguridade Social.

– Se os gastos derivan da relación contractual cunha entidade ou autónomo/a deberán xuntarse as facturas e os xustificantes de pagamento.

– No caso de computar gastos ocasionados pola contratación de pólizas de seguros, deberán achegar un informe ou declaración da empresa aseguradora en que se especifique a porcentaxe da póliza directamente vinculada á prestación do devandito servizo de comedor escolar.

Os xustificantes de pagamento poderán consistir na acreditación mediante extracto bancario da transferencia bancaria realizada ou do cheque nominativo emitido ou, no caso de ter pagado en metálico, deberá achegarse un xustificante do prestador do servizo aboado ou unha certificación deste de ter recibido o importe relacionado neste anexo.

3º. Punto II.2. Na conta xustificativa na súa epígrafe de ingresos inclúe unha declaración do conxunto de todas as axudas concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A esta declaración débese acompañar orixinal ou copia cotexada da resolución ou da comunicación de súa concesión ou un certificado do/s órgano/s que concedeu a axuda.

c) Punto III.

1º. Declaración da entidade á que se lle concedeu a subvención indicando a forma de pagamento pactada co provedor.

No caso de que os usuarios aboen directamente o prezo total ou parcial do servizo á entidade ou empresa prestadora, deberase remitir un certificado expedido pola entidade ou empresa provedora á cal se lle encomendaron os servizos, onde figure que os gastos



derivados da prestación destes están realmente aboados, especificando para cada centro educativo incluído na solicitude da axuda:

- 1) O importe total e os importes desagregados por meses.
- 2) O número de usuarios en cada mes.
- 3) Os menús servidos en cada mes.

2º. A certificación do/a presidente/a de que esa entidade xestionou o comedor escolar do centro que lle corresponde durante o período ao que se refire a xustificación.

3º. Unha declaración de que non concorren no solicitante da axuda ningunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4º. Unha declaración responsable de que a entidade se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, así como que non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia, con base no disposto no artigo 60.4 do citado Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Se as beneficiarias non xustifican a totalidade do orzamento de gastos presentado coa solicitude, o importe da axuda concedida minorarase proporcionalmente á xustificación dos gastos que se presente.

#### Artigo 14. *Obrigas das beneficiarias das axudas*

Son obrigas das beneficiarias das axudas reguladas nesta orde, ademais das que quedan sinaladas nas bases anteriores, as seguintes:

– Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de verificación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.





– Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

– Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

– Informar á comunidade escolar respectiva das axudas percibidas da consellería en concepto de cofinanciamento na xestión do comedor escolar.

#### Artigo 15. *Revogación e reintegro das axudas*

Nos supostos establecidos no artigo 33.1º da Lei 9/2007, e no suposto sinalado no derradeiro parágrafo do artigo 13 desta orde, procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda pública percibida, así como o aboamento dos xuros de demora devindicados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

#### Artigo 16. *Infraccións e sancións*

No relativo a esta materia serán de aplicación as disposicións recollidas no título IV, artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 17. *Normas de aplicación supletoria*

No non previsto nas bases anteriores serán de aplicación directa as normas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, e de aplicación supletoria as establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

#### Artigo 18. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadada-



nía e entidades cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a [rec.santiago@edu.xunta.es](mailto:rec.santiago@edu.xunta.es).

#### Disposición derradeira primeira

Contra esta orde poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte a aquel en que se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2015

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS DESTINADAS AO COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR XESTIONADOS POLAS ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO DOS CENTROS PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED601A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	-------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

CENTRO ESCOLAR DO QUE DEPENDE

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TELÉFONO EN CALIDADE DE

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN


**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

- Que os datos que a continuación se declaran son certos, coincidentes cos rexistros que permanecen en poder da ANPA/FEDERACIÓN/CONFEDERACIÓN á disposición da Consellería de Facenda e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ou de calquera órgano de control que proceda.
- Que na reunión do día  o órgano competente da ANPA, FEDERACIÓN ou CONFEDERACIÓN á cal represento acordou solicitar esta axuda.
- En relación con outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes declaro:
  - Non solicitamos ningunha outra axuda para esta finalidade
  - Si solicitamos axuda para esta mesma finalidade

Administración pública ou entidade á cal se lle solicitou ou pola que se concedeu a axuda	Importe solicitado e pendente de conceder	Importe concedido *

\* De ter axudas concedidas deberá achegarse a documentación acreditativa establecida nas bases desta convocatoria: orixinal ou copia cotexada da resolución ou da comunicación da súa concesión ou certificado do órgano concedente

4. Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das circunstancias nin prohibicións a que se refiren e enumeran o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que non existe obstáculo que impida que poida resultar beneficiaria das axudas convocadas, estando ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: szm97018-grm1-19p2-lqn2-9expce04qyd0



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE**

<input type="checkbox"/>	Anexo II. Orzamento do custo do servizo de comedor.				
<input type="checkbox"/>	Anexo III. Unha memoria explicativa en que se detalla o carácter continuado e non ocasional do servizo de comedor, con indicación expresa do ano/curso de inicio deste e se explica o programa de promoción da saúde e habilidades persoais (non se necesita o envío de documentación complementaria a este anexo).				
<input type="checkbox"/>	De contratar con terceiros a prestación dos servizos, documentación acreditativa da relación contractual asinada polas entidades prestadoras dos servizos de comedor, vixilancia, programa de saúde que son obxecto desta subvención e pola entidade solicitante da subvención.				
<input type="checkbox"/>	Exclusivamente no caso de solicitudes presentadas por federacións ou confederacións, unha relación das asociacións de nais e pais do alumnado que formen parte da solicitude á que se lle anexa a información requirida no anexo III, detallada para cada centro educativo.				
		PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/>	Unha copia do NIF da ANPA, federación ou confederación, só no caso de non autorizar a consulta.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos da NIF do ANPA, federación ou confederación que constan en poder da Axencia Estatal Tributaria, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI  NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [rec.santiago@edu.xunta.es](mailto:rec.santiago@edu.xunta.es)


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 21 de abril de 2015 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes desta consellería, para o curso académico 2014/15.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria


 Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>




ANEXO II

ORZAMENTO DO CUSTO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL  NIF  CENTRO ESCOLAR DO QUE DEPENDE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF  EN CALIDADE DE

1	Usuarios da comida de mediodía	Meses (indicar o número de usuarios estimados)										Suma usuarios	Total orzamento solicitado
		Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño		
	Fixos (5 días/semana)												
	Descontinuos (4 días/semana)												
	Descontinuos (3 días/semana)												
	Descontinuos (2 días/semana)												
	Descontinuos (1 días/semana)												
	Eventuais (días soltos)												
												TOTAL	
2	Vixilancia												
3	Actividades vinculadas ao programa de promoción da saúde												
4	Contratación persoal para atención ao alumnado con necesidades específicas												
5	Póliza de seguros												
												TOTAL CUSTO	

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data ,  de  de




**MEMORIA**
**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

CENTRO ESCOLAR DO QUE DEPENDE

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

**COMEDOR ESCOLAR**

1. Data de apertura ou curso en que se comezou a prestar o servizo de comedor escolar:

2. Carácter continuado do servizo.

a. Durante o curso 2014/15 o servizo de comidas ao mediodía realizase desde o mes de

ata o mes de

b. Durante o curso 2014/15 o servizo de comida ao mediodía realizase:

 Todos os días da semana

Ou os:

 Luns

 Martes

 Mércores

 Xoves

 Venres

3. Nivel educativo do alumnado usuario do comedor escolar

Tipo de usuario	Educación infantil	Educación primaria	Educación secundaria
Fixos (5 días/semana)			
Descontinuos (4 días/semana)			
Descontinuos (3 días/semana)			
Descontinuos (2 días/semana)			
Descontinuos (1 día/semana)			
Eventuais (días soltos)			

4. Modalidade de prestación do servizo

1. Nas instalacións do centro educativo.

 a. Mediante persoal laboral contratado directamente pola entidade solicitante.

 b. Mediante a contratación total ou parcial ou encomenda integral realizada con entidades, empresas ou autónomos.

 2. En local hostaleiro próximo ao centro escolar.

No caso de marcar as opcións 1.b. ou 2. deste número 4, deberá cubrir a seguir o nome e NIF das entidades, empresas ou autónomos con que se contratou ou encomendou ou do local hostaleiro a que se desprazan os alumnos e xuntar á solicitude a documentación dos contratos asinados coas entidades prestadoras dos servizos de comedor, vixilancia, programa de saúde. No caso de federacións ou confederacións se a contratación dos servizos se realizou con diferentes empresas dependendo dos centros educativos incluídos na solicitude deberá indicar no cadro do nome os centros educativos contratados con cada empresa.

NOME	NIF



**PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E HABILIDADES PERSOAIS**

O programa desenvólvese durante o período da comida ao mediodía ou o inmediato posterior.

 1. Entidade organizadora do programa: 

 NIF da entidade: 

2. Actividades que se desenvolven:

	A actividade realízase todos os días	A actividade realízase un día ao mes	Outra frecuencia (ex. 2 veces á semana, 2 veces ao mes, unha vez ao trimestre, etc.)
Cepilladura bucodental	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
Conferencia sobre hábitos alimentarios saudables	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
Obradoiro de alimentos	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
Posta en práctica de hábitos relacionados coas normas básicas de educación na mesa	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
Charlas e actividades de fomento de actitudes de respecto e cooperación	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

3. Persoal encargado do desenvolvemento das actividades relacionadas no punto anterior.


Titulación / Cualificación	Número

4. Uso da lingua galega durante o desenvolvemento do Programa de promoción da saúde e habilidades persoais:

 SI  NON

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de 





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV

CONTA XUSTIFICADA

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL NIF

CENTRO ESCOLAR DO QUE DEPENDE

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE

**I. USUARIOS DO SERVIZO**

I.a) Usuarios da comida do mediodía

Tipo de usuario	Meses (indicar o número de usuarios reais)										Suma usuarios	Prezo menú/día
	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño		
Fixos (5 días/semana)												
Descontinuos (4 días/semana)												
Descontinuos (3 días/semana)												
Descontinuos (2 días/semana)												
Descontinuos (1 día/semana)												
Eventuais (días soltos)												

I.b) Usuarios por nivel educativo

Educación Infantil	Educación primaria	Educación secundaria

**II.1. GASTOS <sup>1</sup>**

II.1.1. Gastos de comedor (catering ou materias primas e outros)

PERCEPTOR	NIF	Nº FACTURA	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE PAGADO
II.1.1. Total gastos comedor				

CVE-DOG: szm970t8-grm1-19p2-lq2-9expce04qyd0





<b>II.1. GASTOS <sup>1</sup></b>				
<b>II.1.2. Gastos vixilancia</b>				
PERCEPTOR	NIF	Nº FACTURA	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE PAGADO
<b>II.1.2. Total gastos vixilancia</b>				
<b>II.1.3. Gastos desenvolvemento de programas de promoción da saúde e habilidades persoais</b>				
PERCEPTOR	NIF	Nº FACTURA	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE PAGADO
<b>II.1.3. Total gastos programas</b>				
<b>II.1.4. Gastos de contratación de persoal para alumnado con necesidades específicas</b>				
PERCEPTOR	NIF	Nº FACTURA	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE PAGADO
<b>II.1.4. Total gastos contratación persoal</b>				
<b>II.1.5. Póliza de seguro *</b>				
PERCEPTOR	NIF	Nº FACTURA	FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE PAGADO
<b>II.1.5. Total póliza de seguro</b>				

\* Acompañarse un informe ou declaración da empresa aseguradora no que se especifique a porcentaxe da póliza directamente vinculada à prestación do servizo de comedor escolar

CVE-DOG: szm970t8-grm1-19p2-lqn2-9expce04qyd0



**II.1. GASTOS <sup>1</sup>**

TOTAL GASTOS (1.1 + 1.2 + 1.3 + 1.4 + 1.5)

<sup>1</sup> Ao presente anexo xuntaranse os orixinais ou as copias compulsadas dos xustificantes dos pagamentos efectivos das facturas. En particular:

- Se os gastos derivan dunha relación laboral deberá xuntarse a nómina e o xustificante do seu pagamento así como acreditar o pagamento das retencións efectuadas en cumprimento da normativa aplicable do IRPF e do aboamento das cotizacións da Seguridade Social.
- Se os gastos derivan da relación contractual cunha entidade ou autónomo/a deberán xuntarse as facturas e os xustificantes de pagamento.

Os xustificantes de pagamento poderán consistir na acreditación mediante extracto bancario da transferencia bancaria realizada ou do cheque nominativo emitido ou, no caso de ter pagado en metálico, deberá achegarse un xustificante do prestador do servizo aboado ou unha certificación deste de ter recibido o importe relacionado neste anexo.

**II.2. INGRESOS**

TIPO DE INGRESO	IMPORTE CONCEDIDO	DATA DE CONCESIÓN	DATA DE INGRESO	IMPORTE INGRESADO
II.2.1. Axudas concello *				
II.2.2. Axudas Xunta de Galicia (doutras consellerías) *				
II.2.3. Outras axudas *				
II.2.4. Fondos propios ANPA/FEDERACIÓN/CONFEDERACIÓN				
II.2.5. Achegas dos usuarios				
			Achegas dos usuarios fixos	
			Achegas dos usuarios descontinuos	
			Achegas dos usuarios eventuais	
			II.2.5. Total achegas dos usuarios	
			TOTAL INGRESOS (2.1 + 2.2 + 2.3 + 2.4 + 2.5)	

\* No caso de ter concedida algunha axuda para a mesma finalidade deberá xuntar a este anexo un orixinal ou copia cotexada da resolución ou comunicación de concesión ou unha certificación do órgano concedente.

**III. DECLARACIÓNS**

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que os datos que a seguir se declaman son certos, coincidentes cos rexistros contables que permanecen en poder da ANPA/FEDERACIÓN/CONFEDERACIÓN á disposición da Consellería de Facenda e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ou de calquera órgano de control que proceda.

No caso de ter contratado o servizo da comida ao mediodía cunha entidade, empresa ou autónomo/a provedor:

- Que o servizo de comedor escolar é directamente aboado de forma total ou parcial polos usuarios á entidade, empresa ou autónomo/a provedor. (Neste caso deberá achegarse xunto con este anexo unha declaración do provedor ao cal se lle encomendaron os servizos que inclúa os gastos derivados da prestación e que están realmente aboados, especificando o importe total e, desagregados por meses, os importes, o número de usuarios e os menús servidos, así como o centro escolar a que corresponden).
- Que a ANPA/FEDERACIÓN/CONFEDERACIÓN é a encargada de aboar de forma total ou parcial o servizo á entidade, empresa ou autónomo/a provedor.

Declaro que:

1. A entidade que represento xestionou o comedor escolar dos centro/s escolar/es correspondentes durante o período obxecto desta subvención.
2. A entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das circunstancias nin prohibicións a que se refiren e enumeran o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que non existe obstáculo que impida que poida resultar beneficiaria das axudas convocadas, estando ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. A entidade que represento está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, así como que non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

